

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonómica da UGT Servizos Públicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con dirección de correo electrónico [sindicato-uxi@xunta.gal](mailto:sindicato-uxi@xunta.gal), presento as seguintes

**ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO REFERENTE Ó PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA E CLASIFICACIÓN NA ESCALA TÉCNICA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (SPIF), ESPECIALIDADE DE BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA, DO CORPO DE TÉCNICOS DE CARÁCTER FACULTATIVO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DO GRUPO B; ECALA AUXILIAR DO SPIF ESPECIALIDADES DE BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA, EMISORISTA VIXILANTE/A FIXO, BOMBEIRO/A FORESTAL DO CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL SUBGRUPO C2; CORPO AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO C2.**

### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS:**

UGT valora positivamente que a proposta visualice a reivindicación desta organización da conversión das prazas do persoal fixo-descontinuo de 9 en 12 meses, o que significa o primeiro dos pasos, no colectivo do SPIF, comprometido a través do Acordo de concertación do emprego público, asinado por esta organización e que xera emprego estable en mellores condicións que as que se tiñan ata este momento, co incremento orzamentario que elo leva implícito.

UGT tamén ve garantido que non existe en ningún posto complemento de funcionarización. É reclamación de esta organización que as RPTs de funcionarización minimicen ou fagan desaparecer os complementos de funcionarización que poderían levar asociados os postos obxecto de transformación, como consecuencia da conversión dos pluses laborais en complementos funcionariais. Na presente RPT, e logo de analizar as táboas salariais somos conscientes de que os postos, de ir a os niveis base correspondentes poderían ter complementos de funcionarización que abarcarían desde os 127,58€ en operador codificador ata os 820,62€ dos postos de xefe de brigada. Polo que en atención a que se ten artellado un

abano de niveis, tanto en destino como en específico, que fan desaparecer os ditos complementos, é cuestión que merece ser recoñecida.

Si ben é certo o anterior, consideramos que se deben realizar as seguintes

## **ALEGACIONES ESPECÍFICAS:**

1. UGT solicita que a memoria funcional que acompaña á presente modificación parta dunha base coherente que considere que as prazas coas mesmas características, funcións e tarefas, sexan modificadas tomando en consideración un mesmo nivel de complemento de destino.

Partindo do anterior e de conformidade coa disposición transitoria novena da LEPG as prazas deben ter asignado un complemento específico que estea “*destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade*”. Polo tanto o complemento específico diferenciará as prazas co mesmo nivel de destino en atención ás condicións particulares dos postos de traballo.

Dito o anterior, UGT considera que:

- As prazas correspondentes a postos de Xefes de Brigada e Xefes de Brigada Helitransportada, deberan ter asignado o mesmo nivel de destino, a determinar pola administración, e a diferenciación debера estar no complemento específico.
  - O mesmo debe suceder coas prazas de Bombeiro/a Forestal Conductor e Bombeiro/a Forestal Conductor Helitransportada, que deben ter asignado o mesmo nivel de complemento de destino debendo diferenciarse no nivel asignado ao complemento específico.
  - A categoría de Emisorista/Vixilante por aumento de funcións e tarefas, UGT considera que debería funcionar en nivel de destino e específico superior ao formulado na proposta. Son innumerables as atribucións que teñen ido asumindo nos últimos anos, como de elo é consciente a administración, á par de que este colectivo tiña comprometida, mediante acordo, a reclasificación de categorías, nunca afrontada pola administración.
2. Na **memoria funcional** que acompaña á proposta de modificación da **RPT**, propónse **engadir** un punto **NOVENO** coa seguinte redacción:

### **Prestación de servizos:**

De conformidade co apartado décimo primeiro da sección terceira do Acordo de concertación do emprego público, da prestación de servizos, para o correcto mantemento dos servizos públicos a prestación de servizos por parte do persoal



empregado público funcionarizado serán as mesmas que antes da funcionarización en tanto non se acorden unhas novas.

Tendo en consideración que o actual réxime de prestación de servizos ven amparado polo VCCU e o Anexo ao mesmo referido ás condicións especiais de traballo do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia. A Administración comprométese á negociación, no ámbito correspondente, do Acordo de condicións de traballo que deba substituír ao citado Anexo do VCCU, de forma inmediata á publicación da presente RPT.

**SOLICITO:**

Sexan tidas en consideración as presentes alegacións, a fin e efecto de mellorar a proposta realizada pola administración.

Santiago de Compostela 3 de maio de 2023.

lino diaz  
goas

Firmado digitalmente por lino diaz goas  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=lino diaz goas, o, ou, email=li\_di\_go@yahoo.es, c=ES  
Fecha: 2023.05.03 21:00:03 +02'00'

Sº Sector de Autnómica UGT Servizos Públicos de Galicia.

**DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo Xunta de Galicia, San Caetano S/N. Santiago de Compostela.

## RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. presentada por LINO DIAZ GOAS con NIF 33302891H tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA <b>2023/1338194</b>	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN <b>03-05-2023 21:03</b>	DESTINO <b>DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA</b>
--	--	--

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20230503.pdf	C31984F172CEDBBEA41C8B7050BBA0BC711BAAF4DA1 D48392BD6EE7946331175
Alegacions_RPT_funcionarizacion_BBFF_03_05_23 _asdo	Alegacions_RPT_funcionarizacion_BBFF_ 03_05_23_asdo.pdf	9F8CAA10586231492F450C3A5AEB200C61BD5FA98F87 93C98378761D0BF2C1FC

